# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:10 horas do día 2 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Dª. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Dª. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
Dª. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2e, 4c, 5b, 5d, 6c, 6e, 9c, 10c e 11b)
Dª. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2a, 5a, 6b, 9a, 9b, 10a, 10b e 10d)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2b e 4a)
Dª. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 10c e 4b)
D. Guillermo López Domínguez, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** Dª. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 4 e 5) (emenda documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de maio de 2022, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 1 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5)
2. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4)

Os anteriores licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
    1. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5)
    2. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4)

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) (emenda documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de maio de 2022, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. para que emendase a documentación persoal.

O licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
    1. LAPATIAN, S.L.



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 2 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación informa que dos licitadores presentados, D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ presentou a proposición fóra de prazo (o 26 de maio de 2022 ás 00:09 horas).

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP (*"A documentación presentarase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación"*).

b) Admitir neste procedemento ao Dª. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (lotes 1, 2, 3 e 4) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Outorgar un prazo de tres días a Dª. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), debidamente cumprimentado e asinado, esixido nas cláusulas 8.4 e 14.1 do prego.

**e) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 3 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

3. NAROM, S.L.
4. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
5. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**c) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 2 e 3)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 28 de maio de 2022 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos lotes 2 e 3. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír dos dous lotes a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (*"as empresas licitadoras que non acaden*



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NUÑEZ-TORRON LOPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 4 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*un mínimo de 15 puntos neste criterio quedarán excluídas da licitación por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos composto polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, a xefa do Servizo de Electromecánicos e Eficiencia Enerxética e a técnica de Administración Xeral o 20 e 23 de maio de 2022 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor".* A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("*Ofertas con calidade técnica inadecuada: as que non acaden o umbral mínimo de puntuación fixado nun 50 % da puntuación máxima fixada para estes criterios*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial o 23 de maio de 2022 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros industriais do Programa Next Generation UE, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 30 de maio de 2022 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NUÑEZ-TORRON LOPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 5 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2d conceder un prazo a unha das licitadores para a emenda da documentación persoal.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5)**

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos:

1. INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
2. AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
3. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4)
4. PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5)
5. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5)
6. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1)

Incorpóranse como anexo a esta acta as ofertas dos licitadores. Todos presentan o orzamento detallado esixido no PCAP agás COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4), INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5).

Asisten á apertura D. Álvaro Pablo Barreiro Cousiño con DNI **.8*982*, en representación de Colectivo Extremeño de Ambulancias S.L.; D. Pablo Soliño Gándara, con DNI **.*83.74*, en representación de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.; D. Raúl Silva Iglesias, con DNI **.*87.74*; e D. Hernán J. Carrión Tarrío con DNI **.*57.82*, en representación de GESTIONTICKETS.ONLINE,S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas de data 2 de xuño de 2022 de valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. dos lotes 1 e 3 e a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. do lote 1 por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*").



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 6 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NUÑEZ-TORRON LOPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

2. Conceder un prazo de tres días a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. para que presente o orzamento detallado do lote 2, esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2C do PCAP.

   Dado que COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4) e TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5) non obtiveron a maior puntuación nos lotes aos que se presentaron, requiriráselle unicamente o orzamento detallado no suposto de que o clasificado en primeiro lugar non resulte adxudicatario.

3. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1 e 3)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 2 de xuño de 2022, acordou excluír deste procedemento aos licitadores admitidos no lote 1, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., e ao único licitador admitido no lote 3, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 7 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Dado que os dous licitadores admitidos no lote 1 e o único licitador admitido no lote 3 foron excluídos do procedemento por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*"), procede declarar desertos os dous lotes.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar desertos os lotes 1 e 3 do procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1 e 3) porque os licitadores admitidos excederon nas súas ofertas* os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*").

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)**

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo |
|---|---|---|
| 1 | APPLUS NORCONTROL, S.L.U. | 66.929,77 € |
| 2 | AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. | 56.928,07 € |
| 3 | ATENEA, S.A.U. | 60.334,49 € |
| 4 | INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. | 61.034,47 € |

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)**



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 8 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* do único licitador admitido co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo sen IVE | Bolsa de horas | Realización de estudos de público usuario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. | 124.800,00 € | 5 horas | si |

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación do criterio recollido no apartado 7D e cláusula 18.1b) do PCAP constátase que a oferta de VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. non contén valores anormais ou desproporcionados polo que de conformidade co previsto no apartado 16.3 do PCAP ao ser o único licitador admitido procede outorgarlle a máxima puntuación:

| | Licitador | Redución do prezo | Bolsa de horas | Realización de estudos de público usuario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. | 50 puntos | 10 puntos | 10 puntos |
| Total | | | | 70 puntos |

Tendo en conta a puntuación acadada polo licitador nos criterios avaliables mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

| | Licitador | Criterios xuízo valor | Criterios fórmula | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| 1 | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. | 30 puntos | 70 puntos | 100 puntos |

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentadas por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. | 100 puntos |



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441)**

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo sen IVE | Mellora de cerramento en vidro | Mellora en paisaxismo | Sistema de instrumentación e monitoraxe estrutural | Implantación dun sistema de avaliación de indicadores |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. | 10.381.788,72 € | si | si | si | si |
| 2 | S.A. de Obras y Servicios, COPASA | 10.070.000,00 € | si | si | si | si |
| 3 | UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS, S.A. | 10.370.265,04 € | si | si | si | si |

Asisten á apertura Dª. Dori García Navarro, con DNI **.*33.25* en representación de SA de Obras y Servicios (COPASA); Dª. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.*13.54* en representación da Federación Galega da Construción; e D. Alberto Montero Liñares, con DNI **.*05.37*, en representación de FERROVIAL CONSTRUCCION, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión, entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 2 de xuño de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 10 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. | 90,03 |
| 2 | S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA | 89,43 |
| 3 | UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS, S.A. | 81,25 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 27 de maio de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación coa proposta de clasificación, así como o informe corrixido do 31 de maio de 2022. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 31 de maio.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)**



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 11 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 27 de maio de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación coa proposta de clasificación, así como o informe corrixido do 31 de maio de 2022. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 31 de maio.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 26 de maio de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda , por unanimidade, propoñer a exclusión de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de maio de 2022, de APPLUS NORCONTROL, S.L.U. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos":



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 12 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | PEDRO MURCIEGO DELGADO | 74,75 puntos |
| 2 | NURIA BALBOA RODRÍGUEZ | 61,00 puntos |

- Lote 2 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato":

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | NURIA BALBOA RODRÍGUEZ | 81,00 puntos |

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos de pequeno formato e Cabalgata de Reis":

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. | 86,25 puntos |

- Lote 2 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de grandes eventos e concertos no Auditorio de Castrelos":



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 13 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | SACAFERRO, S.L. | 88,5 puntos |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. (B-27.862.135) (lote 1) e SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

   * Dado que EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. xa acreditou no sobre A a solvencia económica, a personalidade xurídica e a representación, non é necesario que presente novamente esta documentación. A solvencia técnica deberá completala por ser insuficiente a documentación presentada.

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. | 97,29 |
| 2 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 96,34 |
| 3 | ORECO, S.A.U. | 94,38 |
| 4 | CIVIS GLOBAL, S.L.U. | 92,58 |
| 5 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. | 88,72 |
| 6 | NAROM, S.L. | 87,77 |



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 14 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN
Documento asinado

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 7 | ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 76,74 |
| 8 | TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 72,56 |
| 9 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 67,83 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 25 de maio de 2022:

  - Non admisión de GESTIÓN Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. (lote 5) por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).

- Sesión do 2 de xuño de 2022:

  - Exclusión de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. dos lotes 2 e 3 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
  - Exclusión de INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1 e 3) e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) por exceder as súas ofertas dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5) na seguinte orde descendente:

- Lote 2: Produción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 15 de 38 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

localizacións

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. | 88,00 puntos |

- Lote 4: Servizo de ambulancias

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. | 100,00 puntos |
| 2 | COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. | 70,25 puntos |

- Lote 5: Organización do sistema de entradas

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | PREMIUMGUEST, S.L. | 100,00 puntos |
| 2 | TEUTICKET 2021, S.L | 66,80 puntos |

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) (B-81.034.522), AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4) (B-36.794.113) e PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5) (B-67.131.839), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 16 de 38 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 7 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizo para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire para o Parque Central de Teis e parque provisional dás instalacións EDAR. que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de marzo de 2022.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 16 de marzo de 2022.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 153.186,40 euros, do que* 26.586,07 euros *corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279901 " Mantemento Grupos Autónomos" do presuposto municipal vixente de acordo cá seguinte distribución por anualidades con IVE.*

*Ano 2022: 30.637,28€.*
*Ano 2023: 30.637,28€.*
*Ano 2024: 30.637,28€.*
*Ano 2025: 30.637,28€.*
*Ano 2026: 30.637,28€.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 12 de maio de 2022, de PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. no lote 2 deste procedemento por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2c do PCAP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración,*

*compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) na seguinte orde descendente:*

*- Lote nº 1: compresores e ramplas de carga*

| *Orde* | *Licitadores* | *Puntuación* |
|---|---|---|
| *1* | *AIRBOX, S.A.* | *100,00 puntos* |
| *2* | *SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L.* | *60,97 puntos* |

*- Lote nº 2: 64 equipos autónomos de respiración (ERAS)*

| *Orde* | *Licitadores* | *Puntuación* |
|---|---|---|
| *1* | *AIRBOX, S.A.* | *100,00 puntos* |

*- Lote nº 3: 166 botellas de aire respirable que forman parte dos ERAS*

| *Orde* | *Licitadores* | *Puntuación* |
|---|---|---|
| *1* | *SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L.* | *95,85 puntos* |
| *2* | *AIRBOX, S.A.* | *40,32 puntos* |

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) (A-08.950.685) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3) (B-70.250.055), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3), o día 12 de maio de 2022, que presentan a documentación requirida nas datas 24 e 27 de maio, dentro do prazo concedido.



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 18 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 2 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificado sen primeiro lugar, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIRBOX, S.A. SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula de data 6 de maio de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a AIRBOX, S.A. (A-08.950.685) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) coas seguintes condicións:*

- *Lote 1 Mantemento preventivo e correctivo dos compresores e ramplas de carga:*



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 19 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

- *O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 5.898,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.023,75 euros.*
- *O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 11.948,75 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 25%.*

➢ *Lote 2: mantemento preventivo e correctivo dos 64 equipos autónomos de respiración (ERAS)*

- *O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 57.775,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.027,08 euros.*
- *O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 27.718,65 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 25%.*

*Adxudicar a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. (B-70.250.055) o lote 3 "Mantemento preventivo e correctivo das 166 botellas de aire respirable que forman parte dos ERAS" do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 18.973,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.292,84 euros.*
- *O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 9.501,50 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 20,20%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 20 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN
Documento asinado

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO IME MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL", redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación más IVE de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €) e asinado dixitalmente en data 11/08/2021.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 21/01/2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 € )sendo o importe correspondente ao IVE de 108.856,89 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.632.00.06 (INVESTIMENTOS NOVAS EIM)*

*Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

| | |
|---|---|
| *2022* | *30.000,00 €* |
| *2023* | *597.223,03 €* |
| *TOTAL* | *627.223,03 €* |

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 21 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.990,74 %.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluír deste procedemento a CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.* | *98,05* |
| *2* | *ORECO, S.A.U.* | *94,95* |
| *3* | *DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.* | *94,61* |
| *4* | *CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.* | *87,11* |
| *5* | *CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.* | *29,78* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 26 de maio de 2022, que presenta a documentación requirida o 31 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 22 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 2 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 5 e 20 de maio de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de maio de 2022, de CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*

2. *Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 23 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441) por un prezo total de 601.506,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.393,76 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:45 logo dun receso de 2:45 horas horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

**Anexo**

**Proposicións avaliables a través de fórmula dos licitadores admitidos no procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5)**



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 24 de 38 |
| --- | --- | --- |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Para o lote 1:

1º. Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.1.1.1 | Carpa a dúas augas | 12,31 €/m² |
| 6.1.1.2 | Escenario | 1.339,10 €/ud |
| 6.1.1.3 | Carpas pregables | 103,67 €/ud |
| 6.1.1.4 | Cadeiras | 0,64 €/ud |
| 6.1.1.5 | Acometidas e conectores de luz e son (+ certif.) | 589,39 €/ud |
| 6.1.1.6 | Valado peonil | 0,72 €/ud |
| 6.1.1.7 | Pasacables | 3,88 €/ud |
| 6.1.1.8 | Iluminación de traballo | 6,91 €/ud |
| 6.1.1.9 | Equipo de son | 826,79 €/ud |
| 6.1.1.10 | Equipo de iluminación | 574,81 €/ud |
| 6.1.1.11 | Extintores e sinaléctica de seguridade | 3,67 €/ud |
| 6.1.1.12 | Botiquín | 1,15 €/ud |
| 6.1.1.13 | Cabinas sanitarias (1PMR+1) | 463,65 €/ud |
| 6.1.1.14 | Estrutura de truss para lona | 94,13 €/ud |
| 6.1.2.1 | Coordinador/a montaxe e produción | 311,02 €/xornada completa |
| 6.1.2.2 | Auxiliar montaxe, desmonte e organización | 229,20 €/xornada completa |
| 6.1.2.3 | Controlador de accesos | 23,84 €/h |
| 6.1.2.4 | Oficial electricista | 45,68 €/h |
| 6.1.2.5 | Técnico/a de son | 357,66 €/xornada completa |
| 6.1.2.6 | Técnico/a de iluminación | 357,66 €/xornada completa |



Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 25 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Expediente: 9.176-335

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.1.3.1 | Subministro de auga para o persoal de traballo | 0,13 €/ud |
| 6.1.3.2 | Material de hixiene para cabinas | ...27 €/ud |

2º. Propón unha experiencia do coordinador de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (6 meses) de ....... (nº) anos.

3º. Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESPC* (2) esixido na cláusula 6.1 do PPT para a realización de tarefas de montaxe, desmonte e organización no evento en ..... (nº) traballadores.

4º. Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESPC* (2) esixido na cláusula 6.1 do PPT para a realización de tarefas de control de accesos e acompañamento de público no evento en ..... (nº) traballadores.

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NUÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Para o lote 2:

1º. Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.2.1.1 | Escenario con cuberta | 9136,07 €/ud |
| 6.2.1.2 | Cerramentos | 198,71 €/ud |
| 6.2.1.3 | Carpa tipo “xaima” 5x5 | 364,29 €/ud |
| 6.2.1.4 | Set de mobiliario para backstage | 183 €/ud |
| 6.2.1.5 | Carpa extensible de 3x3 | 103,67 €/ud |
| 6.2.1.6 | Cabinas sanitarias móbiles non conectadas a rede | 172,21 €/ud |
| 6.2.1.7 | Acometidas eléctricas | 533,48 €/ud |
| 6.2.1.8 | Equipo de son e iluminación | 1425,50 €/ud |
| 6.2.1.9 | Luz de traballo | 34,56 €/ud |
| 6.2.1.10 | Tarimas | 62,20 €/ud |
| 6.2.1.11 | Cadeiras | 1,19 €/ud |
| 6.2.1.12 | Extintores | 3,67 €/ud |
| 6.2.1.13 | Sinaléctica | 77,75 €/ud |



Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 27 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.2.1.14 | Botiquín | 11,52 €/ud |
| 6.2.1.15 | Torres de P.A. e muros laterais | 3.282,97 €/ud |
| 6.2.1.16 | Camión Escenario | 2252 €/ud |
| 6.2.1.17 | Pantalla de publicidade | 698,35 €/ud |
| 6.2.1.18 | Certificacións instalacións infraestruturas e eléctricas | 794,82 €/ud |
| 6.2.2.1 | Coordinador de Produción | 404,20 €/xornada completa |
| 6.2.2.2 | Responsable de backstage | 29,51 €/h |
| 6.2.2.3 | Oficial electricista | 27,27 €/h |
| 6.2.2.4 | Vixiante nocturno uniformado | 26,22 €/h |
| 6.2.2.5 | Mantemento e limpeza | 15,44 €/h |
| 6.2.2.6 | Auxiliares Organización - Backstage | 22,08 €/h |
| 6.2.2.7 | Auxiliares de organización / Montaxe | 22,08 €/h |
| 6.2.2.8 | Auxiliar de catering | 22,08 €/h |
| 6.2.2.9 | Plantón diúrno | 22,46 €/h |
| 6.2.2.10 | Persoal de carga e descarga e montaxe de infraestruturas | 22,92 €/h |
| 6.2.2.11 | Técnico de son operador FOH | 357,66 €/xornada completa |
| 6.2.2.12 | Técnico Iluminación operador/montador FOH | 357,66 €/xornada completa |
| 6.2.2.13 | Técnicos auxiliares Equipos sonido e iluminación | 291,43 €/xornada completa |
| 6.2.3.1 | Subministro Catering Artistas, técnicos, persoal de produción e protección civil | 403,17 €/ud |
| 6.2.3.2 | Servizo de limpeza de instalacións | 39,74 €/ud |

2º. Propón unha experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico, a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (2 anos):

- Coordinador/a de produción ....... (nº) anos.
- Responsable de backstage (state manager) ....... (nº) anos.



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 28 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Para o lote 3:

1º. Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.3.1.1 | Acondicionamento do escenario / WI-FI/Consumibles | 1987,06 €/ud |
| 6.3.1.2 | Infraestruturas | 13.909,43 €/ud |



Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 29 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN
Documento asinado

Expediente: 9.176-335

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.3.1.3 | Valos | 5435,27 €/ud |
| 6.3.1.4 | Extintores | 26,49 €/ud |
| 6.3.1.5 | Cabinas sanitarias móbiles (UNE-EN 16194) | 172,21 €/ud |
| 6.3.1.6 | Casetas, consigna e sala de prensa | 861,06 €/ud |
| 6.3.1.7 | Pantallas de LEDS | 33.755,80 €/ud |
| 6.3.1.8 | Mobiliario | 2.914,35 €/ud |
| 6.3.1.9 | Outra maquinaria e equipamentos | 119,22 €/ud |
| 6.3.1.10 | Liñas de Vida | 133,79 €/ud |
| 6.3.1.11 | Cadeiras de plástico ou madeira, colocadas | 1,72 €/ud |
| 6.3.1.12 | Sistema de emerxencia | 2,252 €/ud |
| 6.3.1.13 | Acometidas eléctricas | 9.008,01 €/ud |
| 6.3.1.14 | Certificación de cargas de la cuberta | 596,12 €/ud |
| 6.3.1.15 | Linóleo | 5,30 €/m² |
| 6.3.1.16 | Servizo de comunicación interna | 7,94 €/ud |
| 6.3.1.17 | Concha Acústica | 794,82 €/ud |
| 6.3.1.18 | Mobiliario Escenario | 529,88 €/ud |
| 6.3.1.19 | Moqueta | 4,63 €/m² |
| 6.3.1.20 | Delay | 463,65 €/ud |
| 6.3.2.1.1 | Coordinador de Produción | 633,74 €/xornada completa |
| 6.3.2.1.2 | Responsable de backstage | 539,49 €/xornada completa |
| 6.3.2.1.3 | Coordinador de vixiantes e auxiliares de organización e porteiros | 351,04 €/xornada completa |
| 6.3.2.2.1 | Coordinador de Produción | 633,74 €/xornada completa |
| 6.3.2.2.2 | Persoal oficial montaxe altura | 28,96 €/h |
| 6.3.2.2.3 | Persoal auxiliar montaxe en altura | 25,20 €/h |
| 6.3.2.2.4 | Persoal Auxiliar de montaxe | 21,20 €/h |
| 6.3.2.2.5 | DUE + Botiquín | 62,66 €/h |
| 6.3.2.2.6 | Plantón diúrno | 20,77 €/h |
| 6.3.2.2.7 | Vixiante nocturno uniformado | 24,23 €/h |



Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 30 de 38
ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.3.2.2.8 | Oficial Electricista | 25,20 €/h |
| 6.3.2.2.9 | Persoal de limpeza | 15,44 €/h |
| 6.3.2.2.10 | Riggers / persoal utilización PEMP | 362 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.1 | Responsable de persoal | 351,04 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.2 | Persoal Auxiliar de montaxe | 21,20 €/h |
| 6.3.2.3.3 | Oficial Electricista | 25,20 €/h |
| 6.3.2.3.4 | Condutor de Carreta elevadora | 22,88 €/h |
| 6.3.2.3.5 | Riggers / persoal utilización PEMP | 362 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.6 | Plantón diúrno | 20,77 €/h |
| 6.3.2.3.7 | Vixiante nocturno uniformado | 24,23 €/h |
| 6.3.2.3.8 | Persoal de limpeza | 15,44 €/h |
| 6.3.2.3.9 | Auxiliares Organización | 20,41 €/h |
| 6.3.2.3.10 | Porteiros vixiantes uniformados | 24,23 €/h |
| 6.3.2.3.11 | Persoal Consigna | 20,41 €/h |
| 6.3.2.3.12 | Persoal de mantemento | 25,20 €/h |
| 6.3.2.3.13 | Realizador | 370,91 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.14 | Operadores de cámara | 276,86 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.15 | Auxiliar de vídeo | 276,86 €/xornada completa |
| 6.3.2.3.16 | DUE + Botiquín | 62,66 €/h |
| 6.1.3.1 | Catering técnicos e Protección Civil | 198,71 €/ud |

2º. Propón unha experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico, a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (2 anos):

- Coordinador/a de produción ....... (nº) anos.
- Responsable de backstage (state manager) ....... (nº) anos.



ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/04/2024 04:20 | Páxina 31 de 38 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: ADAE47-5B232C-3H42C4-RANVUP-H6WN82-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## OFERTA ECONÓMICA

D. Pablo Soliño Gándara, con DNI 53183740N en representación de Solimusic Events SLU con CIF B27793728, informado da licitación para a contratación por procedemento aberto servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, expediente n.º 9176-335, manifesta:

1- Que acepta integramente os pregos de prescricións técniacs e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3- Para o lote 1:

1º Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluido)

| **Referencia** | **Concepto** | **Prezo unitario** |
|---|---|---|
| 6.1.1.1 | Carpa 2 augas | 7,20 €/m2 |
| 6.1.1.2 | Escenario | 863,94 €/ud |
| 6.1.1.3 | Carpas plegables | 50,40 €/ud |
| 6.1.1.4 | Cadeiras | 0,72 €/ud |
| 6.1.1.5 | Acometidas e conectores de luz e son (+certif) | 323,98 €/ud |
| 6.1.1.6 | Valado peonil | 0,79 €/ud |
| 6.1.1.7 | Pasacables | 1,44 €/ud |
| 6.1.1.8 | Iluminación de traballo | 2,59 €/ud |
| 6.1.1.9 | Equipo de son | 719,95 €/ud |
| 6.1.1.10 | Equipo de iluminación | 503,96 €/ud |
| 6.1.1.11 | Extintores e sinalética de seguridade | 2,88 €/ud |
| 6.1.1.12 | Botiquín | 0,72 €/ud |
| 6.1.13 | Cabinas sanitarias (1 PMR + 1) | 503,96 €/ud |
| 6.1.14 | Estrutura de truss para lona | 50,39 €/ud |
| 6.2.1 | Coordinador/a montaxe e produción | 345,57 €/xornada completa |
| 6.2.2 | Auxiliar montaxe, desmontaxe e organización | 20,94 €/hora |
| 6.2.3 | Controlador de accesos | 25,89 €/hora |
| 6.2.4 | Oficial electricista | 29,60 €/hora |
| 6.2.5 | Técnico/a de son | 388,77 €/xornada completa |
| 6.2.6 | Técnico/a de iluminación | 388,77 €/xornada completa |
| 6.1.3.1 | Subministro de auga para o persoal de traballo | 0,21 €/ud |
| 6.1.3.2 | Material de hixiene para cabinas | 17,27 €/ud |

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARÍA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

2º Propón unha experiencia do coordinador de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (6 meses) en **8 anos**.

3º Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESPC (2) esixido na cláusula 6.1 do PPT para a realización de tarefas de montaxe, desmontaxe e organización no evento de **2** traballadores.

4º Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESP (2) esixido na cláusula 6.1 PPT para a realización de tarefas de control de accesos e acompañamento de público no evento en **2** traballadores.

Para o lote 2:

1º Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| **Referencia** | **Concepto** | **Prezo unitario** |
|---|---|---|
| 6.2.1.1 | Escenario con cuberta | 7.919,45 €/ud |
| 6.2.1.2 | Cerramentos | 215,89 €/ud |
| 6.2.1.3 | Carpa tipo "xaima" 5x5 | 172,78 €/ud |
| 6.2.1.4 | Set de mobiliario para backstage | 172,78 €/ud |
| 6.2.1.5 | Carpa extensible de 3x3 | 50,39 €/ud |
| 6.2.1.6 | Cabinas sanitarias móbiles non conectadas á rede | 172,78 €/ud |
| 6.2.1.7 | Acometidas eléctricas | 323,98 €/ud |
| 6.2.1.8 | Equipo de son e iluminación | 1.439,90 €/ud |
| 6.2.1.9 | Luz de traballo | 7,20 €/ud |
| 6.2.1.10 | Tarimas | 36,00 €/ud |
| 6.2.1.11 | Cadeiras | 0,72 €/ud |
| 6.2.1.12 | Extintores | 2,59 €/ud |
| 6.2.1.13 | Sinaléctica | 86,39 €/ud |
| 6.2.1.14 | Botiquín | 7,20 €/ud |
| 6.2.1.15 | Torres de P.A e muros laterais | 1.439,90 €/ud |
| 6.2.1.16 | Camión escenario | 2.159,85 €/ud |
| 6.2.1.17 | Pantalla publicidade | 719,95 €/ud |
| 6.2.1.18 | Certificacións instalacións e infraestruturas | 575,96 €/ud |
| 6.2.2.1 | Coordinador de Produción | 449,12 €/xornada completa |
| 6.2.2.2 | Responsable de backstage | 32,08 €/hora |
| 6.2.2.3 | Oficial electricista | 29,65 €/hora |
| 6.2.2.4 | Vixiante nocturno uniformado | 28,50 €/hora |
| 6.2.2.5 | Mantemento e limpeza | 16,79 €/hora |
| 6.2.2.6 | Auxliares de Organización – backstage | 24,00 €/hora |
| 6.2.2.7 | Auxiliares de Organización – montaxe | 24,00 €/hora |
| 6.2.2.8 | Auxiliar de catering | 24,00 €/hora |
| 6.2.2.9 | Plantón diurno | 24,42 €/hora |

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

OFERTA ECONÓMICA EXPEDIENTE: 9176-335

JOSE CARLOS RUBIO BLANCO con DNI 4440989-L con enderezo en Cueva del Castañar, 5G, en representación de la empresa COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, SL, acreditando a 19.11.2007 súa representación a través do poder 20.07.21

Con correo electrónico para os efectos de notificacións: colectivo.coexam@gmail.com

Presenta los siguientes precios:

LOTE 4:

| REFERENCIA | CONCEPTO | PRECIO UNITARIO |
|---|---|---|
| 6.4.1.1 | Ambulancia Tipo C SVA | 1312,20 € IVA INCLUIDO |
| 6.4.1.2 | Ambulancia Tipo b SVb | 957,8 € IVA INCLUIDO |

Y para que así conste firmo la presente oferta

En Cáceres a 23 de mayo del 2.022

44409891L JOSE CARLOS RUBIO (R: B10373546)

Firmado digitalmente por 44409891L JOSE CARLOS RUBIO (R: B10373546)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Reg:10015 / Hoja:CC-10553 /Tomo:782 /Folio:224 / Fecha:23/08/2021 /Inscripción:16, serialNumber=IDCES-44409891L, givenName=JOSE CARLOS, sn=RUBIO BLANCO, cn=44409891L JOSE CARLOS RUBIO (R: B10373546), 2.5.4.97=VATES-B10373546, o=COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS SL, c=ES
Fecha: 2022.05.23 18:57:02 +02'00'

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

MEJORAS OFERTADAS LOTE 4:

Expediente: 9.176-335

2º. Mellora o equipamento humano da ambulancia esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores comprometéndose a achegar 1 médico/a en posesión do título universitario de Licenciado en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante a celebración dos espectáculos SI (si/non)

Mellora o tipo da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, con respecto ao esixido na cláusula 6.4 do PPT mediante a substitución da ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico), por 1 ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado) SI (si/non)

Y Para que así conste firmo el presente documento

En Cáceres a 23 de mayo del 2.022

44409891L
JOSE CARLOS
RUBIO (R:
B10373546)

Firmado digitalmente por 44409891L JOSE CARLOS RUBIO (R: B10373546)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Reg:10015 /Hoja:CC-10553 / Tomo:782 /Folio:224 /Fecha:23/08/2021 / Inscripción:16, serialNumber=IDCES-44409891L, givenName=JOSE CARLOS, sn=RUBIO BLANCO, cn=44409891L JOSE CARLOS RUBIO (R: B10373546), 2.5.4.97=VATES-B10373546, o=COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS SL, c=ES
Fecha: 2022.05.23 19:04:09 +02'00'

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Dª. María de las Mercedes Baltar Martínez de la Riva, con DNI nº 33295118L, en representación de Teuticket 2021 S.L., informada da licitación para a contratación por procedemento aberto servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "VIGO EN FESTAS", expediente nº 9.176-335, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refireo punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Para o lote 5:

1º. Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| Referencia | Concepto | Prezo unitario |
|---|---|---|
| 6.5.1.1 | Distribución de entradas (<= 5.000) | 1.490,72 € |
| 6.5.1.2 | Distribución de entradas (> 5.000) | 1.897,28 € |

2º. Incrementa o número mínimo de controladores de entrada establecido segundo o aforo (cláusula 6.5.3 do PPT) en (nº) **2** controladores.

3º. Incrementa o número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido segundo o aforo (cláusula 6.5.3 do PPT) en (nº) **2** lectores.

4º. Comprométese a achegar unha web de venda de entradas personalizada onde quedará reflectido o "branding" e deseño da páxina web (axenda) do Concello de Vigo en exclusiva (si/non) **SI**

En Vigo, a 19 de maio, 2022

Firmado por 33295118L MARIA MERCEDES BALTAR (R: B42957647) el día 19/05/2022 con un certificado emitido por AC Representación

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARÍA GÓMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE ÁREA BENESTAR SOCIAL - ( JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

Data sinatura: 21/04/2022 CSV: 2389A8-EBC2B2-4FA859-MWETVH-XM79QE-E1 Verificable en www.vigo.org/csv Expediente 9176/335



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NUÑEZ-TORRON LOPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado

D Vicente Guasch Torres con DNI NUM 41459857B en representación de Premiumguest con CIF B67131839 informado da licitación para a contratación por procedemento aberto servizo de producción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" expediente 9176-335 manifiesta:

1.- Que acepta íntegramente os pregos de prescripcions técnicas e condición administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi eleborada conforme as obrigas relativas a fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condición laboráis, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, as que se refire o punto 4 da clausula 11 do PCAP

3.- Para o lote 5

Propón os seguintes presos unitarios (IVE INCLUIDO)

6.5.1.1 Distribución de entradas ( <= 5.000), precio unitario: 1210 euros IVA INCLUIDO
6.5.1.2 Distribución de entradas (>5.000), precio unitario: 1573 euros IVA INCLUIDO

Incrementa o número mínimo de controladores de entrada segundo o aforo en 2 controladores

Incrementa el número de lectores PDA de validación de entradas establecido segundo o aforo (cláusula6.5.3 do PPT) en 6 lectores PDA

Comprométese a achegar unha web de venda de entradas personalizada onde quedará reflectido o "brandig" e deseño da páxina web (axenda) do Concello de Vigo en exclusiva -> **SI**

Lugar, data e sinatura do licitador.
Barcelona 23/05/2022

Premiumguest SL
CIF: B67131839
Paseo de la muntaña 6A, 3-1
08860 Castelldefels

Expediente 9.176-335

## SOBRE C

Dña. CIRO ANDRES CABEZAS CHECCHI provisto do DNI nº 53.819.113-X, en nome e representación do licitador AMBULANCIA RÍAS BAIXAS, S.L., con número de identificación CIF: B-36794113 e domicilio en RUA EMILIA PARDO BAZAN 128 NAVE, 36210 VIGO segundo escritura de poder outorgado ante o Notario Don Miguel Lucas Sanchez, do Ilustre Colexio de Galicia, el día 31/03/2022 con el número 829 do seu protocolo, con correo electrónico para os efectos de notificacions: arbaixas@hotmail.com, para a contratación por procedemento aberto servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "VIGO EN FESTAS", expediente nº 9.176-335, manifesta .

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Para o lote 4:

1º. Propón os seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

| **Referencia** | **Concepto** | **Prezo unitario** |
|---|---|---|
| 6.4.1.1 | Ambulancia Tipo C, SVA | 1.100 € |
| 6.4.1.2 | Ambulancia Tipo B, SVB | 700 € |

2º. Mellora o equipamento humano da ambulancia esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores comprometéndose a achegar 1 médico/a en posesión do título universitario de Licenciado en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante a celebración dos espectáculos …. **SI**

• Mellora o tipo da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, con respecto ao esixido na cláusula 6.4 do PPT mediante a substitución da ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico), por 1 ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado) …. **SI**

En Vigo a 22 de maio de 2022

53819113X CIRO ANDRES CABEZAS (R: B36787844)

Firmado digitalmente por 53819113X CIRO ANDRES CABEZAS (R: B36787844)
Fecha: 2022.05.23 16:13:23 +02'00'

Fdo. Ciro Andres Cabezas Checchi
Representante Legal

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO - ( SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ ) 03/06/2022 13:36:56 | TECNICO MEDIO SERV.ECONOMICOS - ( PABLO VARELA BALLESTEROS ) 03/06/2022 14:18:37 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 03/06/2022 14:51:46 | TECNICA DE XESTION - ( RUTH MARIA GALLEGO SANTOS ) 06/06/2022 09:20:40 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 06/06/2022 09:42:58 | XEFA UNIDADE PATRIMONIO HISTÓRICO - ( MARIA GOMEZ JANEIRO ) 06/06/2022 09:46:19 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - ( JESUS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ ) 07/06/2022 08:28:02 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN

Documento asinado